

Materia	INGLÉS	Pág.	
Curso	6º de Educación Primaria		
Profesor/a	ELISA PAIS LÓPEZ		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª AVALIACIÓN

Países e nacionalidades.
 Vocabulario de competicións deportivas.
 Actividades extraescolares.
 Os pronomes posesivos.
 Obxectos prehistóricos.
 Uso de novas tecnoloxías.
 Pasado simple de verbos regulares e irregulares.
 Infinitivo de intención.
 Halloween.
 Nadal.

2ª AVALIACIÓN

Os membros da familia e parentescos.
 Verbo de obriga: must.
 O adxectivos (longos e irregulares) en grao comparativo e superlativo.
 Adxectivos calificativos.
 Celebración da Pascua.

3ª AVALIACIÓN

Os alimentos e cantidades.
 Sustantivos contables e incontables.
 Condicional: would.
 O futuro de intención: to be going to.
 As profesións.
 O futuro: will.
 Pronomes relativos.
 Pretérito perfecto.

OBXECTIVOS

- Comprender e representar correctamente as ordes orais e as expresións escritas obxecto de estudo.
- Comprender a información global e específica de textos orais e escritos sinxelos referentes a obxectos, situacións e acontecementos coñecidos.
- Utilizar a lingua inglesa de forma oral para comunicarse co profesor e cos compañeiros nas actividades habituais da clase.
- Respectar as distintas aportacións dos compañeiros na clase de inglés.
- Ler de forma comprensiva textos curtos e sinxelos, traballados con anterioridade de xeito oral, relacionados coas súas experiencias e intereses.
- Ler de forma comprensiva as súas propias producións escritas.
- Escribir frases e textos con coherencia sobre temas do seu interese previamente traballados.
- Valorar a importancia de comunicarse nunha lingua estranxeira e a propia capacidade para aprendela.
- Respectar costumes e tradicións das persoas doutras culturas amosando unha actitude comprensiva e respetuosa.
- Manexar con destreza e asiduidade as convencións lingüísticas e non lingüísticas básicas mais usuais da lingua estranxeira: saudos, presentacións, frases feitas, etc.
- Evocar o coñecemento doutras linguas para aprender a lingua inglesa.
- Escenificar rimas cancións e contos breves, sinxelos e familiares da lingua inglesa.

METODOLOXÍA

COMPRESIÓN ORAL:

Comprensión global dos textos orais e comprensión específica de datos sinxelos en situacións contextualizadas.

EXPRESIÓN ORAL:

O alumno incorpora de forma xeneralizada estratexias verbais e non verbais que lle permiten emitir unha mensaxe comprensible.

Os alumnos farán uso de frases feitas aprendidas a través das actividades e pola interacción co seu profesor.

COMPRESIÓN ESCRITA:

Preparar ao alumno para que poda ler libros sinxelos de nenos coa axuda do profesor ou do dicionario.

EXPRESIÓN ESCRITA:

As actividades de escritura están destinadas a que o alumno se familiarice coa forma escrita de palabras traballadas de xeito oral e sexa quen de producir textos escritos en inglés.

O uso constante do inglés para saudar e despedirse en cada clase, para pedir cousas, para manter a disciplina e animar aos alumnos, forma unha importante fonte do input lingüístico para eles.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial para comprobar a situación actual.

Avaliación continua e sistemática que acompaña en todo momento ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Avaliación sumativa ó final do proceso ensinanza-aprendizaxe para determinar se conseguimos aqueles obxectivos propostos.

Instrumentos de avaliación empregados: saídas ó encerado, controis, fichas de traballo, intervencións orais, uso da pizarra dixital.